



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### **BASES PARA CONTRATAR POR CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DUN CONDUTOR PARA VEHÍCULO MOTOBOMBA COMO PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA**

#### **PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da convocatoria é prover un (1) posto de **CONDUTOR PARA VEHÍCULO MOTOBOMBA** como persoal laboral de duración determinada a través do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os Concellos de Cerdedo e de Cotobade para a prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018 cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014/2020.

#### **SEGUNDA. TIPO DE CONTRATO**

Contrato por obra ou servizo determinado cun salario bruto mensual de 1100 €.

A duración do contrato desenvolverase ata o 20.10.2018 de acordo co Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os Concellos de Cerdedo e de Cotobade para a prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018 cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014/2020.

#### **TERCEIRA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para ser admitidos ás probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a)Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do Real Decreto 543/2001, de 18 de maio, sobre acceso o emprego público da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos públicos de nacionais doutros Estados ós que lles é de aplicación o dereito á libre circulación de traballadores (art. 2).

b)Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c)Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d)Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



e)Estar en posesión do permiso de condución “C”

Así mesmo facilitarase un modelo normalizado de solicitude aos aspirantes no que se exprese por estes que cumpren con todos os requisitos necesarios para formar parte no proceso.

Todos estes requisitos deberanse posuír na data de remate do prazo de presentación das solicitudes e mantelas ata o momento da formalización do contrato.

### CARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo estenderanse no impreso normalizado de solicitude que se adxunta no Anexo I e dirixiranse ao Presidente da Comisión Xestora, poidéndose presentar no Rexistro Xeral do Concello (A Chan nº 11 Carballedo – Praza do Concello 1 Cerdedo). Horario: 9 a 14 horas de luns a venres), vía electrónica a través do Rexistro electrónico da entidade (<http://concellodecerdedocotobade.sedelectronica.gal/info.0>) ou en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

No caso de que as solicitudes dos aspirantes non se presenten no Rexistro Municipal deberá remitirse vía “fax” (986.76.01.30) unha copia da solicitude de participación no Rexistro correspondente dentro do prazo de presentación de instancias.

O prazo de presentación de instancias será de **TRES DÍAS NATURAIS** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria de selección nun dos periódicos de maior tirada da provincia (Faro de Vigo).

A maiores ofrecerase publicidade á convocatoria e ás Bases de selección no Taboleiro de Anuncios do Concello ubicado na sede electrónica da entidade (<http://concellodecerdedocotobade.sedelectronica.gal/info.0>).

O Taboleiro de Anuncios municipal será o medio para dar publicidade a todas as publicacións dos actos que se deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes Bases.

Á solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

a)Copia do documento nacional de identidade ou pasaporte.

b)Xustificante de ter ingresado na conta de Abanca número ES31 2080 5416 5231 1010 0035 as cantidades establecidas en concepto de dereitos de exame (5 €).



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



c)No seu caso, documentación xustificativa dos méritos alegados consonte á Base sétima.

Non obstante, os aspirantes poderán alegar a avaliación dos méritos de cuxa acreditación non dispoñan no momento de presentación da solicitude de participación.

En todo caso poderán achegalos ao Tribunal Cualificador ata o día da sesión de avaliación de méritos.

Os méritos que non se aporten ou aleguen coa solicitude de participación ou non se acrediten ata a data da sesión de avaliación non se terán en conta polo Tribunal Cualificador.

Os méritos prestados no Concello de Cerdedo-Cotobade ou nos antigos Concellos de Cerdedo e de Cotobade poderán ser alegados polos participantes na solicitude de participación e avaliados de oficio polo Tribunal de Selección.

No caso de que non se aleguen coa solicitude de participación non se terán en conta polo Tribunal Cualificador.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes a Presidencia ditará resolución, que se deberá publicar no taboleiro de anuncios do Concello, indicando a relación provisoria de aspirantes admitidos e excluídos, a designación nominal do Tribunal Cualificador así como o lugar, data e hora no que se celebrará a proba práctica ofrecendo prazo de subsanación de tres días hábiles aos aspirantes excluídos publicándose no Taboleiro de Anuncios do Concello.

No caso de se producir reclamacións deberase ditar nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación definitiva de admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os aspirantes que no prazo sinalado non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión serán definitivamente excluídos da participación nas probas.

De non presentarse reclamación ningunha, ou se a documentación presentada polos aspirantes cumpre cos requisitos establecidos nas bases, a lista provisional elevarase a definitiva.

### **QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal cualificador conformarase de acordo co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público

Tódolos membros do tribunal, a excepción do presidente, deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas e terán voz e voto.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



A Presidencia poderá dispoñer a incorporación aos traballos do Tribunal de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros do tribunal deberanse abster de intervir comunicándoo ó Sr. Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal cualificador non poderá actuar ou se constituír sen a asistencia, como mínimo, de máis da metade dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario, actuando con suxeición ás bases da convocatoria e quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na interpretación das mesmas.

Contra os acordos do tribunal poderase interpoñer recurso administrativo ante o Sr. Presidente conforme ó previsto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

### **SEXTA. SELECCIÓN**

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición, coa realización de proba práctica e posterior avaliación de méritos de acordo cos seguintes criterios de avaliación:

#### **a) Fase de Oposición**

##### **Proba práctica (obrigatoria e eliminatoria):**

Consistirá na realización dunha proba práctica de condución e manobra de carga da motobomba municipal.

Avaliarase a destreza na condución e realización das actuacións que se describen.

**Puntuación máxima: 10.00 puntos**

**Deberá obterse unha puntuación mínima de 5.00 puntos para considerarse apto/a e proceder á avaliación de méritos.**

**A incomparecencia á realización da proba práctica ou a obtención dunha cualificación inferior á mínima determinará a exclusión do proceso selectivo.**



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



**Unha vez realizada a proba práctica publicarase o seu resultado no Taboleiro de Edictos con carácter previo á baremación de méritos.**

### **b) Fase de Concurso**

#### **Experiencia laboral:**

Experiencia laboral no posto de condutor levando a cabo actuacións en materia de extinción de incendios a razón de 0.20 puntos por mes completo traballado.

**Ata un máximo de 2,00 puntos.**

Non se terán en conta os días correspondentes a contratos que non superen o mes ou non acaden o mes completo.

Os aspirantes, xunto coa solicitude de participación na respectiva convocatoria, deberán aportar os documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

Os méritos alegados polos aspirantes computaranse ata o primeiro día do prazo de presentación de instancias.

Os méritos referidos á experiencia laboral ou profesional na Administración acreditaranse, preferentemente, mediante certificado expedido polo órgano competente da Administración na que prestaran os servizos no que se faga constar a categoría desempeñada e a duración dos correspondentes contratos ou relación de servizo.

No caso da experiencia laboral fóra da Administración Pública deberán aportar copia da vida laboral así como dos contratos de traballo que xustifiquen a prestación de servizos alegados.

No suposto que se produza un empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes resolverase tendo en conta ao aspirante con maior puntuación na proba práctica.

### **SÉTIMA. CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS**

Unha vez que o tribunal valore os méritos alegados e a realización da proba práctica o tribunal publicará a relación dos mesmos pola orde da puntuación obtida no taboleiro de edictos da Casa do Concello, e formulará unha proposta para ocupar a praza a favor dos aspirantes con maior puntuación coincidente co número de postos ofertado ao obxecto de que a Presidencia proceda á aprobación da proposta formulada e á posterior contratación.

O tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### **OITAVA. APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES APROBADOS**

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios da casa do Concello, terá unha advertencia recordando ós aspirantes aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada concedendo ao efecto un prazo máximo de tres días nos que se deberá aportar a seguinte documentación:

- 1) Documento Nacional de Identidade.
- 2) Tarxeta da Seguridade Social mediante fotocopia.
- 3) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e de non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. (Anexo II)
- 4) Permiso de condución "C"

Os aspirantes, con carácter previo á súa contratación, deberán superar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

No caso de considerarse non aptos por non superar o recoñecemento médico ou a proba física de esforzo non poderán ser contratados ao non cumprirse as determinacións do Convenio de colaboración asinado.

No caso de que o aspirante proposto polo Tribunal Cualificador ou contratado renunciase ao posto de traballo, non aporte a documentación requirida ou ben non cumpra cos requisitos para o acceso ao posto convocado poderase formular nova proposta ou contratar aos lles sigan na orde de puntuación que quedarán en lista de espera a estes efectos.

A duración do contrato inicial e do substituto non poderá superar o 20.10.2018.

### **NOVENA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Cerdedo-Cotobade  
(Asinado dixitalmente á marxe)

O Presidente

Jorge Cubela López





# CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA

D.....,  
veciño/a de ....., con domicilio  
en ....., e DNI  
nº ....., e teléfono de contacto  
nº .....

Interesado no concurso convocado para cubrir un posto de  
\_\_\_\_\_, mediante contratación de  
duración determinada polo Concello de Cerdedo-Cotobade, ante o Presidente comparece e

#### EXPON:

1. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen a convocatoria.
2. Que se compromete a aportar no seu día os documentos acreditativos de reunir as condicións establecidas na base oitava.

E por todo esto,

#### SOLICITA:

Ser admitido ao concurso convocado para cubrir mediante contrato laboral de duración determinada dun posto convocado polo Concello de Cerdedo-Cotobade.

Cerdedo-Cotobade, a..... de..... de 2018

O/a Interesado/a



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### ANEXO II

D. \_\_\_\_\_, co DNI/NIE \_\_\_\_\_, e  
endereço a efectos de notificación en \_\_\_\_\_

### DECLARO

Non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Ceredo-Cotobade, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018